

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 1 DE AGOSTO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de dous tramos antigos da estrada autonómica LU-113 nas parroquias de Corvite e Abeledo, a prol do Concello de Abadín.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, T.P. 5.57.4., por importe de setecentos mil euros (700.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia, por importe de catrocentos dez mil euros (410.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e as comunidades autónomas de Galicia, La Rioja, Castilla-La Mancha, Islas Baleares e Madrid, para a programación conxunta en materia de acción humanitaria.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2015 e se dá traslado deste ao Parlamento de Galicia.



## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo as obras do proxecto construtivo da rede ciclista da área metropolitana da Coruña, por un importe total de tres millóns seiscientos vinte e cinco mil euros (3.625.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a sociedade estatal AcuaEs para a mellora provisional da EDAR de Silvouta, por un importe total de catro millóns setecentos mil euros (4.700.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Xinzo Norte, situado no concello de Sarreaus (Ourense), promovido pola sociedade Torre de Hércules, S.L.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Competitividade, a Comunidade Autónoma de Galicia e a fundación pública galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, na selección e execución do proxecto de infraestruturas científicas de instalación do superordenador Finis Terrae II, cofinanciado polo FEDER.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, por importe de douscentos catro mil euros (204.000,00 euros), derivados da Orde pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, o Instituto Nacional de gestión sanitaria e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición agregada de medicamentos.



## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente para a contratación por lotes da xestión de servizos públicos, para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en diversos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, por procedemento aberto e tramitación ordinaria. Importe do orzamento: seiscentos noventa mil corenta e catro euros con quince céntimos (690.044,15 euros ). Valor estimado: dezasete millóns douscentos noventa mil setecentos setenta euros.(17.290.770 euros ).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre os resultados da colaboración da Unidade de Policía Adscrita coa Consellería do Medio Rural e do Mar, durante o primeiro semestre de 2014.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre o novo programa de renovación do tecido comercial galego a través da transmisión xeracional e o impulso de iniciativas innovadoras.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre o Plan de potenciación das linguas estranxeiras.




## **MEDIO AMBIENTE TRANSFIRE AO CONCELLO DE ABADÍN DOUS TREITOS DA ESTRADA ROZAS- ABADÍN (LU-113) AO SEU PASO POLAS PARROQUIAS DE CORVITE E ABELEDO, NO CONCELLO DE ABADÍN**

- *Trátase de dous tramos cuxo tráfico é maioritariamente urbano e local e existe unha alternativa viaria que ofrece un mellor nivel de servizo*
- *O Concello de Abadín deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o decreto polo que se transfiren dous tramos antigos da estrada Rozas-Abadín (LU-113), a prol do Concello lugués de Abadín. Trátase dun treito localizado na parroquia de Corvite, entre os puntos quilométricos 24 + 830 e o 25 + 170; e outro tramo situado na parroquia de Abeledo, entre os puntos quilométricos 26 + 130 e 26 + 760.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera oportuno este cambio de titularidade, dado que os tramos transferidos adquiren características puramente locais, xa que o tráfico que os emprega é exclusivamente local e existe unha alternativa viaria que mantén a continuidade do itinerario ao tempo que ofrece un mellor nivel de servizo e unha redución dos tempos da viaxe.



Con esta aprobación, o Concello de Abadín deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización da entrega, que terá lugar no prazo dos dous meses seguintes.

### **Cambio de titularidade de estradas de Galicia**

Os cambios de titularidade das estradas están regulados na Lei de estradas de Galicia. De acordo con este artigo, os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, a Lei de estradas de Galicia alega que as entidades locais, dentro das súas competencias, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade. Cumprindo o exposto, o Concello de Abadín deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o treito da LU-113.

### **Melloras executadas**

A Consellería de Medio Ambiente acometeu unha actuación de acondicionamento nun treito de máis de 8 quilómetros, entre Moncelos e Abadín (N-634) da estrada LU-113, que comunica Rozas (N-640) con Abadín (A-8).

Con esta obra, na que a Administración autonómica investiu máis de 7 millóns e euros (7,25), alargouse a plataforma da estrada (que conta agora con 10 metros de largo) e mellorouse o trazado tanto en planta coma en alzado, ademais de acometerse unha renovación total da sinalización, balizamento e defensas, e de mellorar a accesibilidade das estradas secundarias que intersectan coa LU-113 mediante a reforma da interseccións.

As melloras realizadas no trazado en planta intentaron evitar as vivendas existentes, de xeito que algunhas funcionan como variantes de poboación.



## TURISMO DE GALICIA DESTINA 1.110.000 EUROS PARA PROMOVER A PARTICIPACIÓN ACTIVA DO SECTOR PRIVADO NA COMERCIALIZACIÓN DOS SERVIZOS E A OFERTA TURÍSTICA DE GALICIA

- *Por primeira vez, Turismo de Galicia involucra o sector privado na comercialización do destino Galicia para a internacionalización e a selección dos mercados obxectivos*
- *Dáse cumprimento así ao fixado na liña estratéxica 5 do Plan integral de turismo de Galicia, orientada á promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo a demanda, e impúlsase con esta actuación a colaboración público-privada*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos de acordo polos que se autoriza a subscripción de dous convenios, que terán un importe de 700.000 mil euros e 410.000 euros, respectivamente, a través dos que Turismo de Galicia e o Clúster realizarán accións dirixidas á comercialización do destino e a impulsar o asociacionismo no sector turístico*
- *Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia promocionarán e fomentarán a comercialización turística do destino e realizarán conxuntamente a definición e o seguimento dos mercados obxectivos*
- *Priorizarán, no marco do acordo, os proxectos accesibles que promovan a desestacionalización e o desenvolvemento turístico dos destinos*
- *Turismo de Galicia e o Clúster impulsarán tamén o asociacionismo a través do establecemento e funcionamento ordinario do Clúster, a única entidade que aglutina toda a cadea de valor do sector turístico*

Turismo de Galicia involucra o sector privado na comercialización do destino Galicia para a internacionalización e a selección dos mercados obxectivos. Destinará 1.110.000 euros para a promover a participación activa do sector privado na comercialización dos servizos e a oferta turística da Comunidade a través da colaboración co Clúster de Turismo de Galicia, a entidade que agrupa e representa toda a cadea de valor do sector turístico galego.

Así, Turismo de Galicia impulsa que sexa o sector privado, a través do Clúster de Turismo, o que participe activamente na comercialización dos servizos e da oferta turística regrada da Comunidade galega.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico, por importe de 700.000 euros.



### **Definición e seguimento de mercados obxectivos**

O obxecto deste acordo é fomentar por parte do sector privado a comercialización de Galicia como destino turístico e da súa oferta regrada e de servizos turísticos mediante a colaboración co Clúster de Turismo na implantación de actuacións concretas nesta liña. Así, será o sector privado a través do Clúster o encargado de realizar campañas de publicidade e plans de promoción exterior que incluirán a definición e o seguimento de mercados obxectivos e accións que permitan reforzar a marca turística de Galicia.

O convenio permitirá tamén a realización de proxectos de márketing en liña dirixidos a explotar o potencial das novas tecnoloxías para o márketing turístico, así como actuacións dirixidas á mellora na comercialización dos produtos turísticos de Galicia, especialmente na tempada baixa.

### **Accesibilidade, desenvolvemento turístico e desestacionalización**

Tamén, no marco deste acordo, se inclúe a edición de publicacións e material promocional de apoio específico á promoción e difusión dos seus recursos e produtos turísticos, con especial atención ao material realizado polo menos nun idioma estranxeiro. Turismo de Galicia e o Clúster colaborarán na organización e participación en feiras, xornadas técnicas, congresos, encontros ou seminarios de carácter turístico.

Os proxectos que deriven do convenio teñen que ter en conta o interese turístico da actuación proxectada, o desenvolvemento de destinos turísticos, as actuacións que melloren a accesibilidade e tamén a desestacionalización da actividade turística. Ademais terase en conta o grao de repercusión da actividade na economía e na potencialidade turística, así como a participación dos actores turísticos implicados.

### **Plan integral de turismo de Galicia**

Ademais, o convenio permitirá o desenvolvemento da liña estratéxica 5 do Plan integral de turismo de Galicia, orientada á promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo a demanda. Esta liña reflicte a aposta de Turismo de Galicia pola mellora dos servizos de intermediación, atraendo novos públicos nacionais e internacionais, que redunden no incremento do fluxo turístico e que xeren beneficios para o sector, así como na captación de novos mercados turísticos para Galicia.

Ademais, as actuacións incidirán na captación do turismo interno e de proximidade para combater a estacionalidade da demanda e para incrementar a afluencia turística procedente dos territorios limítrofes coa Comunidade galega. Ao tempo, dirixiranse campañas específicas para captar o turismo internacional dos mercados potencialmente emisores e buscarase a mellora do posicionamento da marca Galicia a nivel internacional.



De igual modo, o Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia, por un importe de 410.000 euros, e que ten por obxecto apoiar o establecemento e o funcionamento ordinario do Clúster de Turismo. Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo asinarán un convenio de colaboración para o impulso do asociacionismo no sector turístico galego e levarán a cabo a través deste acordo o fomento dunha estrutura de funcionamento que permita que o sector turístico galego poida intervir e participar activa e directamente na promoción turística do destino e na realización de accións promocionais coordinadas entre os diferentes axentes do sector. Foméntase así o asociacionismo e a creación de sinerxías nas liñas de actuación dos diferentes segmentos do sector turístico e das empresas e servizos que o integran.

No marco deste acordo realizaranse reunións multisectoriais e grupos de traballo no seo da cadea de valor turística, así como accións de comunicación e sensibilización sobre a importancia do turismo como sector económico en Galicia.





## **A XUNTA E A AECID COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE ACCIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE ACCIÓN HUMANITARIA**

- ***O Consello aprobou hoxe un convenio multilateral que tamén será asinado polas comunidades autónomas de La Rioja, Castilla La Mancha, Islas Baleares e Madrid***
- ***Crearán unha bolsa de 3,7 millóns de euros que se destinará a atender chamamentos internacionais ante crises humanitarias e situacións de emerxencias***

O Consello da Xunta de hoxe deu o visto e prace a un convenio de colaboración entre o Goberno galego e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), para a programación conxunta de actuacións en materia de acción humanitaria. Trátase dun convenio multilateral, que tamén será asinado polas comunidades autónomas de La Rioja, Castilla La Mancha, Islas Baleares e Madrid.

Con este acordo preténdese mellorar a coordinación entre a AECID e as comunidades asinantes para a posta en marcha de actuacións de organismos multilaterais especializados en acción humanitaria para intervencións en crises e situacións de emerxencias. Estas intervencións virán establecidas polos chamamentos internacionais das Nacións Unidas e o Movemento Internacional da Cruz Vermella, especialmente nos sectores relativos á protección, atención sanitaria, auga e saneamento e seguridade alimentaria.

Segundo se desprende do convenio, a AECID deberá aboar tres millóns de euros repartidos entre as anualidades 2014-2016, mentres que as cinco comunidades autónomas asinantes achegarán 150.000 euros cada unha. O convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

A axencia estatal será a encargada de distribuír este diñeiro ás organizacións internacionais beneficiarias, xustificar o seu correcto emprego e promover e coordinar o seguimento dos programas financiados polas entidades participantes, facilitando grupos de traballo temáticos e xeográficos, iniciativas de comunicación á cidadanía sobre as actuacións desenvolvidas, ademais de eventuais visitas ao terreo para un maior acceso á información.

O convenio que se aprobou esta mañá segue a liña marcada polo IV Plan director da cooperación española 2013-2016, que ten entre os seus obxectivos mellorar a articulación de todos os integrantes da cooperación española e definir máis claramente complementariedades e diferenciacións para lograr unha división do traballo estruturada que redunde na eficacia do desenvolvemento e da acción humanitaria.

Así mesmo, tamén cumpre co III Plan director da cooperación galega para o Desenvolvemento, que establece como resultado de xestión a necesaria coordinación



coa Cooperación Española e co resto de cooperación autónomas, de cara á mellora da calidade da axuda, para o cal define unha liña de acción que fomente a participación activa da nosa Comunidade nos espazos e iniciativas de coordinación coa Cooperación Española.



## A ECONOMÍA GALEGA MEDRARÁ UN 1,8% EN 2015 E A TAXA DE DESEMPREGO REDUCIRASE EN 1,4 PUNTOS

- *O Goberno galego aproba un teito de gasto de 8.436 millóns de euros, sendo a primeira vez que supera ao orzamento en vigor*
- *A Xunta manterá a súa capacidade de gasto, cun incremento dos recursos non financeiros e reducindo o recurso ao endebedamento en 170 millóns, un 30% menos*
- *En 2015 consolidarase a recuperación económica e Galicia encadeará dous anos consecutivos de crecemento, o que non sucedía dende 2008*
- *A taxa de paro na Comunidade galega baixará de novo e reducirase ao 20,3%*
- *O aprazamento en dez anos máis das liquidacións negativas de 2008 e 2009 permitirá aforrar uns 150 millóns de euros en gastos financeiros*
- *2015 será o segundo ano consecutivo no que os galegos verán rebaixados os seus impostos, xa que a reforma fiscal súmase á levada a cabo en 2014 pola Xunta*
- *A Comunidade galega combinará o fortalecemento da recuperación económica coa redución do déficit, que baixará do 1 ao 0,7%*
- *Galicia contará cun teito de gasto por cuarto ano consecutivo, que será remitido ao Parlamento para a súa aprobación*

A economía galega medrará un 1,8% no 2015 e a taxa de desemprego baixará en 1,4 puntos o vindeiro exercicio, ata situarse no 20,3%, segundo indicou hoxe a conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, durante a presentación do teito de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para 2015, que se sitúa en 8.436 millóns de euros.

O límite de gasto aprobado hoxe polo Consello da Xunta é o primeiro que supera a cantidade consignada nos Orzamentos en vigor. O teito de gasto non financeiro de Galicia para 2015 é un 0,2% inferior ao teito de gasto de 2014 (20 millóns menos), pero un 0,5% superior aos Orzamentos da Xunta neste exercicio, con 8.390 millóns de euros.

Con este teito de gasto, o Goberno galego estabiliza a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma por segundo ano consecutivo. Deste xeito, a Xunta terá máis recursos non financeiros e ao mesmo tempo reducirá en máis de 170 millóns o recurso ao endebedamento, un 30% menos. En 2015 Galicia proseguirá a senda de redución paulatina do déficit, posto que o límite de déficit pasará do 1% en 2014 ao 0,7% do 2015.

En canto á evolución económica, o Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia medrará un 1,8% o vindeiro ano, e este crecemento permitirá comezar a crear emprego neto. Confírmase así que 2014 está a ser o ano do inicio da recuperación económica e que



no 2015 consolidarase esa recuperación. O vindeiro ano encadearanse taxas positivas de crecemento por segundo ano consecutivo, o que non sucedía dende inicios da crise, en 2008.

A evolución do mercado laboral tamén será positiva en 2015. O vindeiro ano prevese unha nova redución da taxa do desemprego en Galicia de 1,4 puntos, ata situarse no 20,3%, de modo que o paro reducirase tamén na Comunidade galega por segundo ano consecutivo.

### **Menos gasto financeiro**

Ademais, o aprazamento noutros dez anos da devolución das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009, aprobado onte no Consello de Política Fiscal e Financeira, permitirá reducir os gastos financeiros da Comunidade. Galicia acadará un aforro total de 150 millóns de euros en gasto financeiro, sendo a segunda autonomía máis beneficiada.

No eido fiscal, 2015 será o segundo ano consecutivo no que os cidadáns galegos pagarán menos impostos, xa que volverán ter unha rebaixa de impostos pola reforma fiscal impulsada polo Goberno. Isto únese á baixada aprobada pola Xunta que está en vigor neste 2014, cunha redución do IRPF para o 70% dos contribuíntes.

Ademais de manter blindados os servizos públicos, o Goberno galego combinará unha nova redución do déficit público co fortalecemento da recuperación do crecemento xa iniciada neste 2014. Nesta liña, as prioridades da Administración autonómica seguirán sendo o gasto social, pagar aos provedores con máis axilidade e potenciar o investimento produtivo que favoreza a reactivación económica.

### **Mellor posición**

Galicia mantén o compromiso coa senda de estabilidade orzamentaria, xa que a Comunidade galega está tendo dende 2009 un diferencial de redución de déficit respecto ao resto de autonomías, e é a terceira comunidades con menos déficit acumulado nos últimos cinco anos.

Ademais, Galicia é tamén a segunda comunidade que menos incrementou o seu endebedamento dende 2008, grazas ao control do gasto e do déficit, e tamén é a segunda autonomía que dedica menos porcentaxe do orzamento ao pagamento de xuros.

### **Un teito de gasto realista e útil**

O límite de gasto non financeiro aprobado hoxe polo Consello da Xunta é un teito de gasto realista, que será a base para elaborar as contas autonómicas do vindeiro ano.



Tamén é unha ferramenta útil porque permitirá manter a solvencia da Comunidade autónoma e blindar os servizos públicos esenciais.

O teito de gasto para 2015 establece uns recursos non financeiros de 7.963 millóns de euros, cunha suba real das entregas a conta de 111 millóns de euros. A esta cantidade súmanse os 403 millóns polo déficit aprobado do 0,7%, e 70 millóns de axustes positivos de contabilidade nacional, ata acadar os 8.436 millóns de euros de límite de gasto final.

Este é o cuarto ano consecutivo no que Galicia contará cun teito de gasto, que logo da súa aprobación hoxe no Consello da Xunta será remitido ao Parlamento para a súa aprobación no Pleno da Cámara. Desta forma, o Goberno galego achega transparencia e anticipa o debate orzamentario.



## **A XUNTA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA ASINARÁN UN CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DA REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA CORUÑESA**

- *O importe total do proxecto ascende a 3.625.000 euros, dos cales o Goberno galego achegará 625.000 euros e os 3 millóns restantes o organismo provincial*
- *A rede prevé a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos situados nos municipios de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros*
- *Configuraranse uns percorridos que permitirán a mobilidade entre os ditos concellos, así como a ampliación dos 53 quilómetros de carrís bici que existen agora ata os 78 que quedarán ao remate das actuacións*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación da Coruña co fin de levar a cabo as obras da Rede ciclista da área metropolitana da Coruña. O importe total do proxecto ascende a 3.625.000 euros, dos cales o Goberno galego achegará 625.000 euros e os 3 millóns restantes o organismo provincial.

A Deputación coruñesa redactou o proxecto construtivo da conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña con aqueles situados nos municipios de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. Grazas a estas obras, configuraranse uns percorridos que permitirán a mobilidade entre os ditos concellos, así como a ampliación dos 53 quilómetros de vías para bicicletas que existen agora ata os 78 que quedarán ao remate das actuacións.

O proxecto prevé a creación dun itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros). Ademais, o paseo para bicicletas existente entre o ámbito natural do encoro de Cecebre ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo conectará co paseo do Burgo ata A Ponte da Pasaxe.

Neste proxecto recóllense todas as actuacións necesarias como a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, co obxectivo de lograr unha rede básica que podería ser ampliada no futuro.


As actuacións que se financiarán no marco deste convenio son as correspondentes á construción do tramo ciclista desde o parque municipal de San Diego ata A Ponte da Pasaxe, co seguinte itinerario: parque municipal de San Diego - rotonda de Casablanca - estrada de acceso ao hospital de Oza-As Xubias e A Ponte da Pasaxe, todo cunha lonxitude de 2,5 km.



Coa execución do carril bici metropolitano dotarase a poboación desta zona, é dicir, máis de 364.000 habitantes, da posibilidade de empregar un medio alternativo de desprazamento como é a bicicleta, desde o punto de vista lúdico pero, en especial, como un medio habitual de transporte, nunhas condicións óptimas de seguridade viaria que garantan un uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Así mesmo, este convenio cumpre cun dos obxectivos que ten a Consellería de Medio Ambiente, como é incentivar o emprego dun medio de transporte económico, áxil, saudable e ecolóxico, co conseguinte beneficio en todos os sentidos como a diminución do tráfico nas cidades e a redución da sinistralidade, diminución das emisións de gases nocivos para o ambiente, mellora dos niveis de ruído e da calidade do aire, entre outros beneficios.

Esta rede ciclista, no seu trazado, é un exemplo tamén de integración paisaxística e respecto polos valores do territorio, eixes de actuación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO ENTRE XUNTA, CONCELLO DE SANTIAGO E ACUAES PARA A EXECUCIÓN DE MELLORAS NA EDAR DE SILVOUTA CO FIN DE EVITAR ALIVIOS AO RÍO SAR

- *O orzamento estimado para a execución destas accións ascende a un total de 4,7 millóns de euros*
- *Esta é unha medida provisional mentres se completa o proceso de tramitación e execución das obras da nova estación depuradora de Santiago, que estará situada na zona do Souto*
- *Proponse implantar un proceso de tratamento para os caudais que se alivian, por falta de capacidade na actual EDAR, que se executará, na maior medida posible, con criterios de deseño que permitan a súa reutilización na solución que definitivamente se desenvolva na construción da nova EDAR no Souto*
- *Na actualidade a tramitación da nova estación depuradora xa dispón de anteproxecto e estudo de impacto ambiental redactados, finalizou o proceso de información pública e está en fase de supervisión técnica*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A., para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR de Silvouta.

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de medidas que permitan mellorar a calidade da vertedura das actual EDAR de Silvouta (Santiago de Compostela), paliando o déficit de capacidade de tratamento das instalacións existentes.

O orzamento estimado para a execución destas accións de mellora na citada depuradora ascende a un total de 4,7 millóns de euros.

Trátase dunha actuación urxente para evitar os constantes alivios da EDAR de Silvouta ao río Sar debido á falta de capacidade desta planta. Con estas obras, ademais de impedir as verteduras sen depurar, mellorarase a situación ecolóxica do río durante o tempo que dure a tramitación e execución da nova estación. Esta é unha medida provisional mentres se completa o proceso de tramitación e execución das obras da nova estación depuradora de Santiago, que estará situada na zona do Souto.

Para iso, proponse implantar un proceso de tratamento para os caudais que se alivian, por falta de capacidade na actual EDAR, que se executará, na maior medida posible, con criterios de deseño que permitan a súa reutilización na solución que definitivamente se desenvolva na construción da nova EDAR no Souto, conforme o anteproxecto actualmente en tramitación.





### **Nova EDAR**

Na actualidade a Xunta, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) e o Concello de Santiago de Compostela teñen o compromiso de executar as obras dunha nova depuradora de augas residuais para Santiago de Compostela denominada EDAR do Souto.

Hoxe en día, xa están redactados, tanto o anteproxecto como o correspondente estudo de impacto ambiental. O dito anteproxecto, xunto co estudo de impacto ambiental e a relación de bens e dereitos afectados finalizou o trámite de información pública e está en fase de supervisión técnica.



## **A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 42 MILLÓNS NO CONCELLO OURENSÁN DE SARREAUS**

- *O eólico Xinzo Norte contará con 9 aerogeradores que suman 27 MW e producirán máis de 72.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 17.000 fogares galegos*
- *Trátase do oitavo parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol e Paraño Oeste, acadando un total de 206 MW e un investimento de máis de 287 millóns*
- *A través dos seus plans industriais asociados, as empresas adjudicatarias do concurso eólico levan mobilizado entre os anos 2011 e 2013 un total de 850 millóns de euros e xerado 1.800 empregos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo parque do concurso galego, o eólico de Xinzo Norte, situado no concello ourensán de Sarreaus. A infraestrutura, que prevé un investimento de máis de 42 millóns, estará composta por 9 aerogeradores que, cunha potencia total de 27 MW, producirán máis de 72.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de 17.000 fogares galegos.

Deste xeito, o Goberno galego segue a traballar na reactivación do sector eólico en Galicia no escenario enerxético actual. Neste sentido, a aprobación desta instalación, promovida por Torre de Hércules, S.L., supón un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía así como polo impulso do concurso eólico. Así, o de Xinzo Norte é o oitavo parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións de Acibal, Mondingo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol e Paraño Oeste, acadando un total de 206 MW e un investimento de máis de 287 millóns.

Cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, ten activado distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector que dinamizan a posta en marcha de proxectos.

Así, aprobouse a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións de parques e facilítase a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso, co obxectivo de que os proxectos viables saian adiante.



Así mesmo, o plan industrial asociado ao desenvolvemento dos 77 MW da promotora Torre de Hércules está a permitir a ampliación da rede de fibra óptica da empresa de telecomunicacións R a máis de 190 núcleos de poboación de 95 concellos galegos. Non en van, a través deste plans industriais as empresas adxudicatarias do concurso eólico levan mobilizado entre os anos 2011 e 2013 un total de 850 millóns de euros e xerado 1.800 empregos.

Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canón eólico, se recadaron xa máis de 91 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, os novos proxectos suporán unha importante fonte de financiamento para o concello de Sarreaus, que se poderá beneficiar da recadación obtida do mencionado canon.



## **A XUNTA IMPULSA A POSICIÓN DE GALICIA Á VANGARDA DA INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN COA ADQUISICIÓN DUN NOVO SUPERCOMPUTADOR NO CESGA**

- *O Goberno galego destina, xunto co Ministerio de Economía e Competitividade, 3,6 millóns de euros ao FinisTerraes II co obxectivo de apoiar a investigación e incrementar a competitividade empresarial galega*
- *O novo supercomputador multiplica por 20 a capacidade de cálculo do seu predecesor, mellorando o servizo prestado a universidades, centros de coñecemento e ao tecido produtivo galego*
- *Con esta adquisición, o CESGA mantén o seu posicionamento entre os centros de referencia en cómputo científico técnico a nivel europeo*
- *O Goberno galego ten investidos máis de 10 millóns de euros no CESGA desde o ano 2009 co obxectivo de dar resposta ás necesidades do tecido produtivo e investigador de Galicia*

A Xunta de Galicia está a traballar co Centro de Supercomputación de Galicia – CESGA co obxectivo de aproveitar todas as súas potencialidades de cara a dar resposta ás necesidades do tecido produtivo e investigador galego. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe o convenio entre a Xunta, o Ministerio de Economía e Competitividade e o Cesga, que permitirá adquirir o novo supercomputador FinisTerraes II, que busca multiplicar a capacidade computacional do Centro situando Galicia na vangarda da investigación e a innovación.

O acordo, que suma 3,6 millóns de euros cunha achega de fondos Feder por parte do Ministerio do 80% (2,8 millóns de euros) e o cofinanciamento de GAIN do 20% (716.000 euros), consolida o CESGA como centro de excelencia en servizos de investigación en ciencia computacional. Non en van, multiplicarase por 20 a capacidade de cálculo do actual FinisTerraes, que pasa de resolver 16 billóns de operacións de cálculo por segundo a 320 billóns.

Este incremento da capacidade súmase a unha nova arquitectura de vangarda, mellorando os niveis de eficiencia enerxética da instalación. Con esta adquisición, o CESGA adécuase ás necesidades actuais da comunidade científico-empresarial e mantén o seu posicionamento entre os centros de referencia a nivel europeo, ofrecendo unha importante mellora do servizo que está a dar a universidades, centros de coñecemento e ao tecido produtivo de Galicia.

Neste sentido, cómpre salientar que só no último ano o CESGA deu servizo a 500 investigadores galegos. Así mesmo, nos últimos dous anos multiplicouse por 4 o número de pequenas e medianas empresas que traballan co Centro e que se benefician das súas potencialidades para incrementar a competitividade.



Esta actuación súmase á próxima mellora da capacidade computacional do Centro que, cun orzamento de 300.000 euros, garantirá o rendemento no tratamento de datos ata que se conclúa o novo supercomputador a finais do próximo ano.

O Goberno galego mantén a súa aposta polo CESGA como elemento de referencia na investigación en Galicia. Desde 2009, a Xunta ten investido máis de 10 millóns de euros no Centro co obxectivo de impulsar a súa mellora competitiva en beneficio da innovación, a investigación e o tecido empresarial galego. Grazas a estes investimentos, o Centro presta soporte hoxe en día á comunidade investigadora e académica de Galicia, aos Campus de Excelencia do Mar e Vida, a MeteoGalicia ou aos laboratorios de investigación nos hospitais do Sergas, entre outros.

Neste contexto, cómpre salientar que o compromiso da Xunta e do Goberno central co CESGA permitirá ao Centro participar na organización e constitución dunha nova rede de supercomputación de España, que integrará os principais centros de supercomputación do país. Así mesmo, como membro desta rede, o CESGA manterá o seu recoñecemento como instalación científico-tecnolóxica singular de España (ICTS), unha vantaxe clave que lle proporcionará acceso a axudas específicas do Ministerio de Economía e Competitividade.



## **A XUNTA E O MINISTERIO DE SANIDADE ASINARÁN UN ACORDO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS A CENTROS HOSPITALARIOS DE GALICIA**

- ***Permitirá acadar un aforro de 197.000 euros***
- ***Refírese a fármacos que se utilizan no tratamento de distintos cancros, ante infeccións víricas e o tratamento da esclerose lateral amiotrófica***

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou a sinatura dun acordo entre a Comunidade Autónoma de Galicia, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e o Instituto Nacional de Xestión Sanitaria (Ingresa) para fixar as condicións da adquisición agregada de medicamentos. O aforro estimado como resultado calcúlase nuns 197.530 euros.

O acordo refírese á subministración sucesiva dos seguintes medicamentos para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde: cisplatino, docetaxel, fludarabina, gemcitabina, irinotecan, oxaliplatino, paclitaxel, vinorelbina, metrotexato, lamivudina e riluzol.

Todos estes fármacos utilízanse no tratamento de distintos cancros, excepto a lamivudina (que se usa ante infeccións víricas) e o riluzol (que se emprega no tratamento da esclerose lateral amiotrófica).

A duración deste convenio será desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, e poderá ser prorrogado un ano, se así o deciden as partes.



## **BENESTAR PORÁ EN MARCHA 150 NOVAS PRAZAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL A DEPENDENTES NAS PROVINCIAS DA CORUÑA, LUGO E PONTEVEDRA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe esta ampliación da oferta das máis de 6.600 prazas residenciais que xa existen na actualidade*
- *Esta actuación, que se realizará a través dun concerto, inscríbese na aposta do Goberno galego pola atención á dependencia e polo mantemento de recursos sociais*
- *A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha desde 2009 preto de 2.800 para persoas maiores en toda Galicia, que suman xa máis de 9.400 entre residencias, centros de día e centros de Alzheimer*

A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha 150 novas prazas de atención residencial a dependentes, que se distribuirán nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, e que suporán un investimento anual de 2,7 millóns de euros. Isto permitirá ampliar a oferta actual das prazas residenciais públicas en Galicia, que son máis de 6.600 hoxe en día.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta actuación, que se levará a cabo a través dun concerto de prazas e que se inscribe na aposta do Goberno galego pola atención á dependencia e polo incremento dos servizos de calidade.

A distribución de prazas é a seguinte: 80 na provincia da Coruña (40 na Coruña; 10 en Oleiros; 10 en Culleredo; e 20 na área de Boqueixón, Santiago de Compostela e Teo); 20 na provincia de Lugo (10 en Lugo e 10 en Castro de Rei); e 50 na provincia de Pontevedra (na área de Caldas de Rei, Cambados, Cangas, Forcarei, Pazos de Borbén, Poio, Pontevedra, Ribadumia, Vigo, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa).

Prevese, segundo os prazos da tramitación, que estas novas prazas públicas poden estar en funcionamento a partir do próximo mes de outubro.

O mantemento de prazas residenciais para persoas en situación de dependencia contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas con necesidades de atención sociosanitaria, así como das súas familias.

A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha desde 2009 máis de 2.800 prazas para persoas maiores en toda Galicia entre residencias, centros de día e centros de Alzheimer. Na actualidade existen ao redor de 9.400 prazas deste tipo na



Comunidade sostidas con fondos públicos, das cales unhas 6.600 son de carácter residencial.





## **A POLICÍA AUTONÓMICA AFIANZA A SÚA COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR CON MÁIS DE 5.600 ACTUACIÓNS CONXUNTAS**

- ***No que vai de ano incrementáronse as inspeccións en eidos tan importantes como a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal ou a sanidade e benestar animal***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre os resultados da colaboración entre a Policía autonómica e a Consellería do Medio Rural e do Mar durante o primeiro semestre do ano, no que se levaron a cabo máis de 5.600 actuacións conxuntas, mil máis que no mesmo período do ano anterior.

O informe recolle actuacións en eidos tan importantes como a loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, a área de sanidade e benestar animal, o control de residuos ou o control de produtos fitosanitarios e os seus establecementos de venda, entre outros. De momento, exclúense as actuacións relacionadas cos incendios forestais -as máis intensas-, de cuxos resultados se vén dando conta ao remate da campaña de incendios.

Do total das actuacións conxuntas rexistradas, 5.635, o aumento máis significativo rexistrouse na loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, que se ten intensificado notablemente neste primeiro semestre de 2014, onde se produciron preto de 2.500 inspeccións -frente ás case 1.200 do ano pasado - e máis de 1.500 denuncias.

Ademais, a UPA tamén ten colaborado intensamente con Medio Rural nunha serie de actividades de inspección e control da sanidade e do benestar dos animais, tanto no que se refire ao seu transporte como na supervisión de feiras e mercados de gando, para que as actividades comerciais e de intercambio se desenvolvan dentro do marco normativo previsto. O resultado durante este primeiro semestre foi de 1.396 inspeccións e 463 denuncias, as cales aumentaron máis do 40% en relación co mesmo período do ano pasado.

Outro dos apartados recollidos no documento é o relativo ao control dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano (SANDACH), regulados por unha normativa comunitaria que trata de impedir a aparición de riscos para a sanidade humana e animal ou para o ambiente e, sobre todo, para garantir a seguridade da cadea alimentaria humana e animal.

Deste xeito, os efectivos da UPA realizaron 136 controis de contedores destinados a transportar estes subprodutos -ósos, picos e plumas-, na súa maioría procedentes da industria alimentaria e que están destinados a empresas do sector alimentario (fabricantes de pensos para cans, por exemplo) ou tamén para ser entregados a



xestores autorizados para a súa xestión. Estas inspeccións e controis remataron con 51 denuncias, case o triplo que no primeiro semestre de 2013.

Por último, o informe tamén aborda a colaboración entre ambos os entes no control de produtos fitosanitarios e dos establecementos de venda, así como a posible venda retalista de medicamentos animais sen pasar os controis oficiais. O obxectivo é impedir posibles riscos para a saúde das persoas que os utilizan ou mesmo dos consumidores, no caso de se producir unha intoxicación alimentaria de utilizarse en exceso ou de forma incorrecta. Nesta liña de colaboración produciu 434 inspeccións e 92 denuncias.

O mantemento da actividade policial nestes eidos confirma a adaptación dos 140 novos efectivos incorporados á UPA os dous últimos anos, tras o acordo co Ministerio de Interior de convocar o concurso de vacantes que tantos anos levaba pendente de desenvolver. Este aumento do cadro persoal, hoxe totalmente integrado, está a lle permitir á Unidade cumprir mellor coas súas funcións, ampliando a colaboración dos seus axentes coas distintas consellerías da Xunta e dando, en definitiva, un mellor servizo público a todos os galegos.



## A XUNTA IMPULSA A RENOVACIÓN DO TECIDO COMERCIAL GALEGO CON 3 MILLÓNS PARA POTENCIAR A TRANSMISIÓN XERACIONAL E A INNOVACIÓN

- *O Goberno galego activa por primeira vez un programa destinado a garantir a continuidade do saber facer, a calidade e a profesionalidade do comercio de proximidade, ao tempo que se dá resposta ás novas demandas dos consumidores*
- *Os emprendedores que retomen negocios xa consolidados contarán co asesoramento de comerciantes experimentados e recibirán 2.000 euros en axudas*
- *Os comercios que implanten novas fórmulas de comercialización e ferramentas de xestión poderán obter apoios de ata preto de 40.000 euros*
- *En colaboración coas cámaras de comercio, desenvolverase un sistema de asesoramento específico que atende ámbitos como o emprendemento, o comercio electrónico ou a mellora nos puntos de venda*
- *Os proxectos de modernización que se desenvolvan en zonas con plans Impulsa contarán cunha maior porcentaxe de axuda*
- *No que levamos de ano, a Xunta leva destinados 10 millóns de euros a programas de apoio dentro da estratexia específica para impulsar o comercio de proximidade*
- *No marco do novo Plan de artesanía de Galicia, tamén se apoian melloras para incrementar a competitividade das empresas artesás*

O primeiro programa de renovación do tecido comercial da Xunta impulsará con 3 millóns de euros a transmisión xeracional e a posta en marcha de iniciativas innovadoras no sector, potenciando a adaptación do comercio de proximidade galego ás novas demandas dos consumidores e mellorando a súa competitividade ao tempo que se garante a continuidade do saber facer, a calidade e a profesionalidade que o caracterizan. Esta iniciativa, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, xira en torno a tres eixes específicos: o apoio á remuda comercial, o impulso á modernización da xestión e dos sistemas de comercialización, e o asesoramento especializado.

O primeiro dos ámbitos en que incide este novo programa é a transmisión comercial, apoiando a continuidade daqueles negocios que veñen funcionando desde hai anos ao tempo que se incentiva os emprendedores que queren iniciar a súa andaina comercial nun negocio xa consolidado no sector e viable. Así, co obxectivo de potenciar a creación de emprego mediante a transmisión aos novos comerciantes tanto do comercio como do coñecemento e a experiencia do seu titular, ponse en marcha unha nova convocatoria de axudas por importe de 500.000 euros.

Poderán beneficiarse desta iniciativa os responsables de comercios que teñan 64 anos ou máis e que veñan desenvolvendo a súa actividade polo menos 10 anos ininterrompidos, así como os novos emprendedores designados para continuar co negocio empresarial. Os transmisores poderán recibir axudas de 700 euros mensuais ata a idade ordinaria de xubilación, ou un único pagamento de 700 euros se xa a



teñen. Os que retomen a actividade recibirán apoios por 2.000 euros e formación por parte do comerciante experimentado durante un mínimo dun mes. Como complemento á orde de axudas, poñerase en marcha unha plataforma en liña onde todos os interesados poderán consultar os negocios dispoñibles.

Por outra banda, no eido da innovación, poñerase en marcha unha orde de axudas por 1,9 millóns de euros destinada a comerciantes retalistas e federacións do sector, así como a titulares de obradoiros artesanais e asociacións profesionais de artesáns. Nesta convocatoria, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* en próximas datas, os comercios e as empresas artesáns poden obter axudas de ata preto de 40.000 euros para a posta en marcha de novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que combinen o comercio *on line* e o *off line* ou que impliquen a utilización das redes sociais para a venda. Tamén para a implantación de ferramentas que melloren a xestión do negocio e o deseño dos seus produtos que non fosen utilizadas con anterioridade, e para o desenvolvemento e implantación de novos sistemas de *packaging* e etiquetaxe. Dentro desta orde, as federacións de comerciantes poderán optar a apoios de ata preto de 5.000 euros para o desenvolvemento de sistemas de *m-commerce* (comercio a través do móbil), aplicacións e webs.

### **Impulso á competitividade do sector artesán**

Nesta mesma convocatoria, apoiaranse con ata 85.000 euros as asociacións profesionais de artesáns no desenvolvemento de sistemas de etiquetaxe intelixente, que acheguen información sobre os produtos e o seu proceso de elaboración, e que deberán implicar, como mínimo, 20 obradoiros. Estas entidades tamén poderán desenvolver con ata 65.100 euros de axuda proxectos de deseño e creación de novos produtos a partir da colaboración de dous ou máis artesáns e un deseñador.

Estes apoios ás asociacións e ás empresas artesás enmárcanse no novo Plan de artesanía de Galicia, unha folla de ruta que ten por obxectivo conseguir un sector artesán sólido e sustentable no tempo e que contribúa ao crecemento da economía galega, incidindo na competitividade empresarial e a potenciación do talento.

A porcentaxe de axuda na convocatoria de modernización alcanza o 70% do investimento subvencionable e increméntase ata o 75% para os proxectos localizados nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como na Costa da Morte.

### **Asesoramento especializado**

O programa de renovación do tecido comercial galego complementase cun sistema de asesoramento específico centrado en ámbitos como o emprendemento, a remuda xeracional, o comercio electrónico e as redes sociais ou a mellora do punto de venda, e



que se artellará mediante un convenio coas cámaras de comercio galegas que conta con 600.000 euros.

Co novo programa do que se informou hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Economía e Industria leva destinado no que levamos de ano 10 millóns de euros a programas de apoio dentro da estratexia específica de impulso da competitividade do comercio de proximidade, centrada en eixes como o apoio ao asociacionismo, o emprendemento e a apertura de novos establecementos comerciais, a innovación ou a potenciación das prazas de abastos como líderes na venda de produto fresco e de calidade.



## PRETO DE 85.500 ALUMNOS GALEGOS, UN 18,4% MÁIS, TERÁN O VINDEIRO CURSO UN ENSINO PLURILINGÜE AO ABEIRO DO PLAN DE POTENCIACIÓN DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN

- *Catro de cada dez estudantes de ensino obrigatorio beneficiaranse desta estratexia da Xunta de Galicia para a aprendizaxe de idiomas*
- *Preto do 80 % dos centros sostidos con fondos públicos con ensino obrigatorio participan nestas iniciativas*
- *No curso 14/15 case o 18 % dos centros sostidos con fondos públicos serán plurilingües e máis do 62% terán algunha sección bilingüe*
- *Galicia é a segunda Comunidade Autónoma en ratio de auxiliares de conversa nativos por alumno, e a terceira en número total*
- *Só no referido á formación do profesorado vinculada ao Plan, investíronse 14,8 millóns de euros nos últimos 6 anos*

O Plan de potenciación das linguas estranxeiras da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria chegará o vindeiro curso a preto de 85.500 alumnas e alumnos, un 18,4% máis ca no ano académico 2013/2014. Isto supón que 4 de cada 10 estudantes galegos do ensino obrigatorio se beneficiarán desta estratexia da Xunta de Galicia para a aprendizaxe de idiomas, na cal participarán a partir de setembro preto do 80% dos centros sostidos con fondos públicos. De feito, a Rede de centros plurilingües integrará en 2014/15 case o 18% dos centros sostidos con fondos públicos, e a de seccións bilingües a máis do 62%.

Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no cal se reflicten, ademais, as novidades previstas no Plan para os próximos meses. Neste sentido, está previsto implantar por primeira vez en Galicia – en concreto no IES Xosé Neira Vilas de Oleiros (A Coruña)- o programa de dobre titulación en bacharelato e ‘baccalauréat’ francés; así como do programa de diploma bilingüe inglés-español liderado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, neste caso nos centros públicos que impartan bacharelato internacional.

### Os centros

No que se refire ao primeiro eixe de actuación do Plan de potenciación das linguas estranxeiras, o dedicado aos centros, está previsto un incremento de membros tanto da Rede de centros plurilingües como da de seccións bilingües. Deste xeito, no curso 2014/15 haberá un total de 220 centros plurilingües, un 19% máis ca no anterior, do que se beneficiarán preto de 31.500 estudantes. No caso das seccións, haberá un total de 3.223, 367 delas de nova incorporación, nun total de 768 centros educativos, 64 máis ca no curso 2013/14, que chegarán a preto de 52.000 alumnas e alumnos.



Tanto os centros plurilingües como parte das seccións bilingües contarán co apoio dun total de 454 auxiliares de conversa nativos, un 4,3% máis ca no curso anterior, o que volve colocar Galicia nos primeiros postos en España neste eido, pois é a segunda Comunidade Autónoma en ratio de auxiliares por alumnos e a terceira en número total. Cómpre, ademais, sinalar que desde o curso 2008/09 os auxiliares no noso sistema educativo se multiplicaron case por 7, froito do esforzo da Consellería para establecer novos convenios de colaboración neste eido como os suscritos cunha entidade académica chinesa (Hanban) e outra portuguesa (Instituto Camões).

### **O alumnado**

Ademais dos escolares implicados en centros plurilingües e seccións bilingües, o Plan recolle actuacións específicas de formación do alumnado fóra do horario lectivo. Para iso, a Consellería impulsou o programa de Cursos para a formación complementaria da aprendizaxe en linguas estranxeiras (CUALE), polo que o alumnado recibe formación complementaria e voluntaria fóra do horario escolar para preparar as probas de certificación das escolas oficiais de idiomas. Cos datos previstos para o curso que vén, a iniciativa tería chegado xa nesta lexislatura a máis de 2.700, case os mesmos ca no período 2010/13.

Por outra banda, malia a crise económica, o departamento educativo da Xunta de Galicia continúa a facilitar que as alumnas e alumnos realicen estadias para mellorar as súas competencias lingüísticas. Para iso, nestes dous cursos ofertáronse 2.285 prazas, e engadíronse, ao tradicional modelo de estadias no verán, actividades formativas tamén no outono.

Ademais, no ano académico 2014/15 continuará a funcionar o Programa experimental de acompañamento en lingua estranxeira - posto en marcha por primeira vez no curso 2011/12- dirixido a mellorar as competencias en linguas estranxeiras do alumnado de centros de ensino de localidades rurais que non forman parte da rede de plurilingües ou non dispoñen de seccións bilingües. A previsión é que esta iniciativa chegue un ano máis a 820 escolares de 49 centros diferentes.

### **Actuacións dirixidas ao profesorado**

A Consellería, consciente do papel do profesorado como protagonista e promotor do profundo cambio vinculado á potenciación das linguas estranxeiras, ten investido desde o curso 2009/2010, só no que se refire á formación do profesorado vinculado ao plan, 14,8 millóns de euros, grazas ao que se incrementou a oferta de estadias, licenzas para formación e reintegros, se deseñaron itinerarios específicos por medio das escolas oficiais de idiomas cos cursos de comunicación e actualización lingüística e comunicativa (CALC), e se publicou unha nova normativa para o recoñecemento e acreditación da formación.



Para o vindeiro curso, ao abeiro deste terceiro eixo do Plan, está previsto incrementar nun 7% as prazas no Programa integral para a aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE), no marco do cal se ofertan actividades formativas para profesorado especialista e non especialista en idiomas, tanto no estranxeiro como en España, grazas aos novos acordos de colaboración establecidos coas autoridades de Amiens (Francia) e Alberta (Canadá).

No que se refire aos cursos de comunicación e actualización lingüística e comunicativa (CALC), itinerarios específicos que se imparten nas escolas oficiais de idiomas para que os docentes acaden a certificación necesaria para impartiren docencia nos centros plurilingües e nas seccións bilingües, a previsión mantense nos 62 cursos e 1.240 prazas por ano académico. Deste xeito, desde o comezo no 2010/2011 dos CALC teranse ofertado 4.540 prazas nas 227 actividades programadas.

### **Aprendizaxe de idiomas en igualdade de oportunidades**

O Plan de potenciación das linguas estranxeiras ten como obxectivo acadar un desenvolvemento competente e autónomo do alumnado galego no uso das linguas estranxeiras, ofrecendo en igualdade de oportunidades un ensino plurilingüe en centros sostidos con fondos públicos ao que antes se accedía fundamentalmente a través de institucións ou academias privadas. Así mesmo, procúrase a certificación noutras linguas tanto do alumnado e os docentes como do resto da cidadanía, e a capacitación das galegas e dos galegos en idiomas que lles permitan participar en proxectos europeos e de intercambio, mellorar no seu futuro a súa formación no estranxeiro, etc.

As previsións iniciais do Plan quedaron superadas xa desde o inicio da súa implantación grazas á inestimable colaboración dos docentes, á implicación dos centros educativos e a unha forte aposta da Consellería pola formación do profesorado como chave indispensable para introducir o plurilingüismo no sistema educativo galego.

